

Denuncia: Ausencia/insuficiencia de protocolo de prevención contra o risco de infección por coronavirus

AO COIDADADO DE:

**Inspección de Traballo e Seguridade Social
Ministerio de Sanidade
Delegación de Goberno**

NOME E RAZÓN SOCIAL DA EMPRESA.....

PROVINCIA.....CONCELLO.....ENDEREZO.....

ACTIVIDADE ECONÓMICA.....HORARIO.....

_____, na súa condición de (delegadas/os de prevención, membros do C.S.S.) delegadas/os de persoal e membros do Comité de Empresa

DIN

Con motivo da emerxencia sanitaria pola epidemia de Coronavirus COVID–19, a representación das traballadoras e traballadores non foi convenientemente informada das medidas preventivas previstas segundo as indicacións que a tal efecto, agardamos terá elaborado o Servizo de Prevención da empresa.

Ante a ausencia (**insuficiencia**) da adopción de medidas preventivas específicas, o cadro de persoal está sufrindo unha exposición innecesaria ao propio risco biolóxico pero tamén, unha situación de estrés emocional e ansiedade ao vérense expostos a un risco grave, inminente e descoñecido ante o que se senten totalmente desprotexidos no ámbito laboral; o cal debilita e pon en serio risco as condicións de saúde das persoas traballadoras.

As medidas adoptadas ata este momento (**se as houbese**), que consisten fundamentalmente en **facilitar gafas, mascarillas, luvas ... (nun nº moi limitado) e a información sobre recomendacións básicas de hixiene persoal, enténdense como manifestamente insuficientes.**

Dado que corresponde á empresa o deber de informar sobre os riscos e medidas preventivas que sexan de aplicación; carecer das medidas de prevención e medios de protección axeitados supón na práctica unha situación de risco grave e inminente para a saúde das persoas traballadoras.

Debe terse en conta ademais que as usuarias/os do servizo son persoas de especial risco (se fose o caso).

SOLICITAN

- Se inste a empresa a adoptar con carácter inmediato as medidas de prevención e protección axeitadas, entre as que entendemos deben considerarse as seguintes (**as que sexan de aplicación segundo cada caso**):
 - Organizar o traballo de modo que se reduza o máis posible o número de persoas traballadoras expostas, **establecendo ao efecto quendas, posibilitando o teletraballo, ...**

Denuncia: Ausencia/insuficiencia de protocolo de prevención contra o risco de infección por coronavirus

- Adoptar medidas específicas para as persoas traballadoras especialmente sensibles (grupos de risco), suposto no que entendemos non é aceptable a presenza física no lugar de traballo (ollo con isto).
- Dispoñer os medios suficientes e axeitados para posibilitar a posta en marcha das medidas hixiénicas recomendadas polas autoridades sanitarias (xabrón, panos de papel desbotables, contedores con pedal, secadores de aire eléctricos...).
- No caso de persoal que desenvolve traballo “de campo, na rúa, transporte e distribución...”, ante a imposibilidade de realizar un lavado axeitado, con garantías hixiénicas, facilitarase “xel antiséptico” con dispensador automático no propio vehículo (se fose o caso) ou no seu defecto, en envase transportable.
- Aplicación de medidas de ventilación adicionais do centro de traballo.
- Aplicación de medidas de reforzo da limpeza de superficies e obxectos (tiradores de portas, interruptores da luz, pasamáns, pulsadores de billas e váteres...).
- Limitación do aforo en espazos reducidos como ascensores ou outros, así como garantir a limpeza e ventilación dos mesmos.
- De non poder garantir que a distancia entre persoas sexa en todo momento superior a 1 metro (valor mínimo recomendado polas autoridades sanitarias, establecéndose como de baixa exposición a superior a 2 m), dotarase ás traballadoras e traballadores dos EPIs precisos (mascarillas FFP2/ FFP3, luvas de nitrilo ou látex (maior incidencia de reacción alérxica) ou incluso, batas desbotables).

Lémbrese que a obriga de elección, adquisición e reposición dos Equipos de Protección Individual, ao igual que a información debida sobre a utilización dos mesmos, corresponde á empresa.

- No caso de non aplicarse estas medidas e poderse garantir a seguridade das persoas traballadoras desta empresa, consideraremos solicitar a paralización inmediata da actividade ata que se garantan a protección da saúde de todas as traballadoras e traballadores (ollo con isto tamén).

Atendendo a esta situación que eiquí denunciámos, solicitamos que dende a Inspección de Traballo e Seguridade Social, Ministerio de Sanidade e Delegación de Goberno, se inste a empresa a cumprir de xeito inmediato coa súa obrigación legal de protección da saúde e a seguridade das persoas traballadoras segundo o ordenamento xurídico/normativo vixente.

En _____, 25 de marzo de 2020

Delegadas e delegados de Persoal / Comité de empresa